



**Programación didáctica do
DEPARTAMENTO de
CIENCIAS NATURAIS**

**(INFORMACIÓN
BÁSICA)**

CPI Plurilingüe de Vedra

Curso 2020-2021

Vedra, 23 de setembro de 2020



INDICE

	<u>Pax.</u>
1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE.....	2
1.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	2
1.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	4
1.2.1 Sistema de cualificación das avaliacións parciais.....	4
1.2.2 Sistema de cualificación final.....	5
1.2.3 Recuperacións.....	5
1.3 PROBA FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.....	6
2. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	7
2.1 ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	7
2.2 PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	7
3. PROGRAMACIÓN ESPECÍFICAS.....	8
3.1 ANEXOS: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E MÍNIMOS ESIXIBLES.....	8
3.1.1 Bioloxía e Xeoloxía. Primeiro curso da ESO (páxina 9).....	8
3.1.2 Bioloxía e Xeoloxía. Terceiro curso da ESO (páxina 17).....	8
3.1.3 Bioloxía e Xeoloxía. Cuarto curso da ESO (páxina 26).....	8

1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

1.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

a) Aspectos xerais:

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado, facendo especial referencia a matices propios da área de Bioloxía e Xeoloxía e do estilo docente do profesorado, cos que os alumnos/as é posible que non estean familiarizados.

Ó longo das **actividades, traballos** ou **probos** que se fagan en cada unidade didáctica, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información, para cada alumna ou alumno, sobre o grao de consecución e dominio dos estándares de aprendizaxe avaliados (ou cando menos dos seus mínimos esixibles) recollidos nesta programación.

b) Aspectos específicos a avaliar:

□ CADERNO DE CLASE: debe recoller tódalas actividades individuais propostas, incluídas as fichas de traballo individualizadas. Pedirase ós alumnos/as cando o profesor/a o considere oportuno para a súa revisión. O alumno deberá levar o caderno ó día, e corrixir o completar as actividades, se procede, tralas postas en común.

□ TRABALLOS escritos ou en soporte multimedia que poderán ser dos seguintes tipos:

- Traballos e informes monográficos individuais ou en grupo.
- Traballos de investigación e/ou de busca de información en distintas fontes.
- Informes sobre practicas realizadas no laboratorio, experiencias ou saídas.
- Comentarios de texto sobre lecturas voluntarias ou obrigatorias.
- Artigos ou “posts” publicados no blogue didáctico de aula (*só en 4º ESO*).
- Comentarios ós artigos doutros compañeiros/as e participación en foros didácticos (*so en 4º ESO*).

□ PROBAS ESCRITAS: realizaranse *como mínimo* dúas probas por avaliación e terán como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados. Cando sexa posible estas probas corrixiranse en clase para que os/as alumnos/as participen da súa propia avaliación. Poderán constar de:

- Preguntas tipo test e/ou verdadeiro-falso.
- Preguntas de resposta curta aberta.

- Definir conceptos clave.
- Establecer relacións entre conceptos clave.
- Interpretación dunha imaxe, gráfico, táboa resumo ou esquema.
- Realización dun debuxo, gráfico ou esquema.
- Completar unha imaxe, gráfico, táboa resumo, esquema ou mapa conceptual.
- Resolución dun exercicio práctico.
- Preguntas e cuestións onde alumno expoñerá con lóxica e coherencia a súa valoración u opinión persoal e/ou propoñerá solucións a un problema plantexado.

ACTITUDE cara á materia: valorarase a asistencia, interese, atención, participación, o esforzo no traballo individual e en equipo, a actitude durante as actividades na aula ou fora dela (prácticas no laboratorio, actividades extraescolares, ler revistas, artigos...), así como a puntualidade na entrega dos traballos e coidado e respecto do material de clase e do laboratorio. Instrumento: *Observación directa*.

c) Outros aspectos a ter en conta no proceso de avaliación:

- Valorarase positivamente a participación voluntaria en determinadas actividades.
- Terá tamén valoración positiva a correcta presentación e orde dos traballos e do caderno de clase.
- Valorarase positivamente o emprego da lingua galega en todas as manifestacións orais e escritas.
- Por último, a corrección na expresión oral e escrita, a capacidade de síntese e a utilización de un vocabulario científico axeitado serán aspectos fundamentais a ter en conta no proceso avaliador, **especialmente no cursos 3º e 4º da E.S.O.**

1.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1) PROBAS ESCRITAS.- Cualificaranse entre 0 e 10 puntos ⁽¹⁾:

En 1º e 3º ESO: *Ata un 80% da cualificación de cada avaliación.*

En 4º ESO: *Ata un 80% da cualificación de cada avaliación.*

2) ACTIVIDADES DE AULA e TRABALLO PERSOAL.-

* **En 1º e 3º ESO**.- Incluirá os seguintes *ítems*:

- a) **Notas de clase** sobre actividades, exercicios, cuestionarios e fichas de traballo;
- b) **Traballos escritos ou en soporte multimedia;**
- c) **Caderno de clase;**

Ata un 20% da cualificación de cada avaliación (máximo de 2 puntos).

En 4º ESO.- Incluirá estes catro *ítems*:

- a) **Notas de clase** sobre actividades, exercicios, cuestionarios e fichas de traballo;
- b) **Traballos escritos ou en soporte multimedia;**
- c) **Caderno de clase;**
- d) **Traballo individual na Aula Virtual e no Blog didáctico de aula.**

Ata un 20% da cualificación de cada avaliación (máximo de 2 puntos).

3) VALORACIÓN DAS ACTITUDES: cara ó grupo e cara á aprendizaxe (intervencións en clase, capacidade de traballo en grupo e de autoorganización, interese pola materia, atención, esforzo persoal, realización de traballos voluntarios, corrección na presentación dos traballos, etc...).

Ata un 10% da cualificación, tanto positiva (+10%) como negativamente (-10%).

1.2.1 Sistema de cualificación das avaliacións parciais

En cada unha das tres avaliacións parciais:

- Á nota media das **probos escritos** realizadas (cualificada de 0 a 10 e *ponderada* nun 80%) engadirase as cualificacións das **actividades de aula e traballo persoal** (ata un máximo de 2 puntos), obténdose así unha cualificación nunha escala de 0 a 10 puntos.
- Á cualificación así obtida sumarase ou restarase, segundo proceda, a **valoración das actitudes** (ata +10% / -10% da cualificación obtida previamente).

1 () Cando o alumnado utilice materiais, medios, estratexias ou sistemas non permitidos expresamente polo profesorado co fin de mellorar o resultado das probas escritas, ou axude a un compañeiro ou compañeira a facelo, o Departamento didáctico determinará cales serán as consecuencias que terán estes feitos sobre o proceso de avaliación continua. O Departamento, na primeira reunión que celebre, adoptará unha decisión razoada neste sentido, que será comunicada ó alumnado afectado polo profesor/a que lle imparte clase. De producirse e demostrarse de xeito fidedigno tales feitos nas probas extraordinarias de setembro ou de pendentas, o alumno/a obterá a cualificación de "1".

- A **nota numérica** que figurará nas actas de cada avaliación parcial e nos boletíns será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda a cada cualificación.

1.2.2 Sistema de cualificación final

- A nota da avaliación ordinaria de xuño calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións parciais (considerando a “*nota real*”, sen redondeos).
- A **nota numérica** que figurará na acta da avaliación ordinaria de xuño será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda tras o calculo da media aritmética.
- Para **APROBAR** a materia na avaliación ordinaria de xuño terá que acadarse un **mínimo de 5 puntos**.

CADRO RESUMO do sistema de cualificación		
	1º e 3º ESO	4º ESO
SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • 80%: probas escritas • 20%: actividades de aula e traballo persoal 	<ul style="list-style-type: none"> • 80%: probas escritas • 20%: actividades de aula e traballo persoal
	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración das actitudes: ata +10% / -10% da cualificación obtida previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración das actitudes: ata +10% / -10% da cualificación obtida previamente.
SISTEMA DE CUALIFICACIÓN FINAL	<ul style="list-style-type: none"> • A nota final será a media aritmética das tres avaliacións parciais. • Para APROBAR a materia terá que acadarse un mínimo de 5 puntos. 	<ul style="list-style-type: none"> • A nota final será a media aritmética das tres avaliacións parciais. • Para APROBAR a materia terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.

• SISTEMA DE CUALIFICACIÓN NO CASO DE CONFINAMENTO

No caso de confinamento as porcentaxes aplicadas para calcular a nota sufrirán unha variación, en todos os cursos, 1º, 3º e 4º ESO, o 50% da nota corresponderase coa nota resultante do traballo persoal e o outro 50% as notas dos exames realizados.

1.2.3 Recuperacións

A recuperación de avaliacións parciais suspensas será un proceso continuo.

O alumnado poderá realizar probas escritas de recuperación dos contidos e actividades suspensas. Faranse dentro da mesma avaliación parcial ou despois desta, segundo o criterio do profesorado e de acordo coas seguintes normas:

- 1) As probas escritas ou avaliacións parciais suspensas cunha cualificación **inferior a 5 puntos e superior a 4 puntos** poderán ser compensadas coas cualificacións das restantes probas escritas ou avaliacións parciais (*sen necesidade de realizar exames de recuperación*), sempre que a media aritmética de todas elas supere os 5 puntos.
- 2) Se a media aritmética das avaliacións parciais non supera os **5 puntos** o alumnado con 1 ou 2 dúas avaliacións suspensas e cunha media aritmética superior a 4 puntos poderá realizar *novas probas escritas* (de recuperación) sobre os contidos non superados de cada unha das avaliacións suspensas.
- 3) O alumnado que, tendo en conta as normas anteriores, non estea en condicións de obter unha cualificación final superior a 5 puntos, poderá realizar una última *proba escrita xeral de recuperación* sobre os contidos non superados, sempre que a media aritmética das tres avaliacións parciais sexa superior a 3 puntos. Esta proba realizarase antes da avaliación final ordinaria de xuño.
- 4) Para o cálculo da cualificación final, as notas das probas escritas de recuperación de contidos **substituirán as das probas escritas ordinarias** previamente realizadas (cualificadas de 0 a 10 e ponderadas nun 80%), **conservándose as cualificacións das actividades de aula e traballo persoal** (20% da cualificación).

1.3 PROBA FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Farase unha proba escrita que versará sobre os **contidos mínimos esixibles** da programación.

- Para superar dita proba debe responderse correctamente ao 50% da mesma (cualificarse de 0 a 10 puntos).
- Entregarase ao alumnado suspenso unha proposta de traballo con orientacións, actividades e indicación expresa de cales son eses contidos mínimos, para facilitar a preparación da proba.

2. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Este curso non hai alumnos con materias pendentes.

3. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS

3.1 ANEXOS: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E MÍNIMOS ESIXIBLES

3.1.1 Bioloxía e Xeoloxía. Primeiro curso da ESO (páxina 9)

3.1.2 Bioloxía e Xeoloxía. Terceiro curso da ESO (páxina 17)

3.1.3 Bioloxía e Xeoloxía. Cuarto curso da ESO (páxina 26)